

## A D.O. Ribeira Sacra recolle case 2 millóns e medio de quilos e espera completar o groso dos traballos nesta semana

Despois da primeira fin de semana tras a data recomendada polo C.R.D.O.R.S. para o inicio da vendima, a D.O. Ribeira Sacra leva colleitos **2.420.647 quilos**. Da variedade maioritaria, Mencía, vendimáronse 1.496.433 quilos. As cantidades por variedades distribúense do seguinte modo:

### Variedades tintas

- **Mencía 1.496.433 quilos**
- Garnacha 57.703 quilos
- Merenzao 41.793 quilos
- Brancellao 21.501 quilos
- Caíno tinto 19.357 quilos
- Tempranillo 8.917 quilos
- Sousón 7.389 quilos
- Mouratón 987 quilos

### Variedades brancas

- **Godello 635.468 quilos**
- Albariño 57.856 quilos
- Treixadura 57.807 quilos
- Dona Branca 6.214 quilos
- Loureira 4.495 quilos
- Branco Lexítimo 2.657 quilos
- Torrontés 2.070 quilos

Das **95 adegas** que vendiman este ano ao amparo da D.O. Ribeira Sacra, 8 terminaron a vendima, 66 adegas seguen vendimando e faltan 21 por comezar. **O Presidente do C.R.D.O.R.S., Antonio Lombardía**, confía en que ao longo desta semana o 90% da D.O. estea vendimada. *“A vendima dos brancos está case terminada, movéndonos xa nas cifras do ano pasado a estas alturas. A uva tinta con estas augas que estamos a ter corre présa recollela porque o grao de maduración xa non vai subir, está agora en condicións óptimas e hai que evitar posibles podremias motivadas pola choiva.”*



## NOTA DE PRENSA 18 de setembro 2023

As primeiras choivas axudaron a aumentar a cantidade de uva e a calidade, pero as choivas destes últimos días chaman á urxencia na medida das posibilidades de cada viticultor e adegueiro. *“Está a ser unha vendima distinta, empezou moi lenta para que a planta procesase esas primeiras augas caídas e empezouse a acelerar a recollida o día 14. Agora só hai que ter precaución coas choivas para manter a calidade da uva. Esperamos superar a cifra dos 6 millóns de quilos do ano pasado porque uva hai e ata o momento é de boa calidade”*, sinala Antonio Lombardía.

Consello Regulador da Denominación de Orixe Ribeira Sacra  
Comercio 6/8 Monforte de Lemos (Lugo) · 27400 · España  
Teléfono: (+34) 982 410 968 Fax: (+34) 982 411 265  
Comunicación: Marta 698 167 991  
Email: [comunicacion@ribeirasacra.org](mailto:comunicacion@ribeirasacra.org)